



JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Chandrexa de Queixa, provincia de Ourense,

CERTIFICO:

Que o Sr. Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, mediante acordo de data dezaseis de xaneiro de dous mil dezanove, adoptou o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade:

"

D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Chandrexa de Queixa, en uso das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), e en exercicio das competencias delegadas polo Pleno en virtude do acordo adoptado en sesión extraordinaria o 10 de xullo de 2015 (BOP nº 169 de 24 de xullo de 2015).

Visto que por Decreto de Alcaldía nº 252/2018 de 11 de decembro de 2018 acordouse, entre outros, aprobar o expediente de contratación, como contrato administrativo de concesión de servizos, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e con varios criterios de adxudicación para a contratación da "XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE CHANDREXA DE QUEIXA".

Visto que procedeuse á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato administrativo procedendo ao envío (12 de decembro de 2018) e publicación do pertinente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (13 de decembro de 2018) e na Plataforma de Contratos do Sector Público, para que se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Visto o disposto no artigo 326 e na Disposición Adicional segunda da LCSP, así como no Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e a cláusula décimo cuarta do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Solicitada á Deputación Provincial de Ourense a designación de dous vogais para formar parte da Mesa de Contratación (Rexistro de saída nº 622 de 12 decembro de 2018), conforme á Disposición Adicional segunda apartado 7 parágrafo 2º da LCSP.

Vista a resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense de 14 de xaneiro de 2019 (Rexistro de entrada nº 47 de 15 de xaneiro de 2019).

Considerando que conforme ao artigo 21.4.parágrafo 2º do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a composición da Mesa publicarase cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar a calificación da documentación administrativa.

Vistos os preceptos citados, concordantes e demais de xeral e pertinente aplicación, na súa virtude e no uso das atribucións conferidas polas disposicións vixentes,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar, ao Presidente, Vogais, e Secretario da Mesa de Contratación actuante no expediente de contratación, como contrato administrativo de concesión de servizos, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e con varios criterios de adxudicación para a contratación da "XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE CHANDREXA DE QUEIXA", nos termos que a continuación se detallan:

Presidente: Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

Vogais:



- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense.
- José Juan Cerdeira Lois. Director da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense.
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

Secretaria: M^a. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

Segundo.- A Mesa de Contratación constituirase o 28 de xaneiro de 2019 ás 10:00, nas dependencias municipais do Concello de Chandrexa de Queixa, e procederá á apertura do sobre ou arquivo electrónico A, así como á calificación da documentación administrativa contida nos mesmos.

Terceiro.- Convocar á Mesa de Contratación para, no caso de que non se observen defectos ou omisións emendables na documentación presentada no sobre ou arquivo electrónico A, o día 28 de xaneiro de 2019 ás 11:30 para a apertura do sobre ou arquivo electrónico B: documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor.

Cuarto.- Publicar o presente Decreto na plataforma de contratos do sector público.

Quinto.- Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que teña lugar....."

E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Francisco Rodríguez Rodríguez, en Chandrexa de Queixa, a dezaseis de xaneiro de dous mil dezanove.

O secretario-interventor

**Vº e praxe
O alcalde**